




Área / Unidad EDUCACION ED0000 AQR	Documento 2361AI003S	
Código de verificación  1B69 1B16 5N3U 544U 003S	Expediente 236/2025/191	
	Fecha 19-01-2026	

Visto o informe-proposta elaborado polo técnico de Educación cuxo contido literal é o seguinte:

"O Concello da Coruña, a través do Servizo de Educación, convoca o programa "A Coruña no Mundo: Idiomas do Mundo 2026", dirixido ao alumnado de 1º de Bacharelato matriculado nun centro educativo da cidade. Consiste na realización, no verán de 2026, dun mínimo de 29 estadias de catro semanas en Irlanda.

O obxectivo é que as persoas participantes avancen no dominio da lingua máis falada do mundo e poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). Tamén ten por obxectivo a participación do alumnado nunha acción intercultural, por medio do achegamento a outra cultura europea, así como a educación das e dos participantes no respecto á diversidade cultural, racial, sexual... e á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As condicións para participar neste programa veñen establecidas nas bases da convocatoria, que se constan no expediente 236/2025/191: documento número 23619I029G e código de verificación 4A1V 6L04 3643 6A5Y ADOP, na versión en galego, e documento número 23619I029K e código de verificación 5D6Y 264Y 625K 2JIM 0BGA, na versión en castelán.

Nas bases determínase o obxecto e finalidade do programa, os requisitos de participación, a documentación que se deberá de presentar, os criterios de baremación das solicitudes e o procedemento que deberá seguirse para a adxudicación das prazas e para a elaboración das listaxes de agarda.

No apartado 8 das bases anteditas, establécese que o prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria será de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do extracto das Bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

A xestión dos servizos que compoñen este programa realízaa o concello, mediante un contrato de prestación de servizos. O financiamento anual destinado á dita prestación de servizos para a xestión das bolsas ascende a 149.025,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria 60.326.22799. Xa foi expedido polo importe antedito de 149.025,20€ o documento contable correspondente á autorización de gasto para o financiamento do contrato de servizos para a organización e xestión do programa Idiomas do Mundo 2026, operación previa 920260000569, tal como consta no expediente 236/2025/156 - "contrato de organización e xestión do programa idiomas do mundo".



A convocatoria do programa "A Coruña no Mundo: Idiomas do Mundo 2026" rexerese pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 16/08/2024 (BOP núm. 157) e, no que sexa de aplicación, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e polo seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2003, do 21 de xullo, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 10 da ordenanza municipal antedita e mais no acordo da Xunta de Goberno Local do 04/07/2024 respecto á delegación de atribucións nos e nas concelleiros e concelleiras responsables das áreas de goberno (publicado no BOP do 05/07/2024, núm. 129), o órgano competente para a aprobación e resolución desta convocatoria de axudas (bolsas) é a persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación.

Igualmente autorízase e facultase á persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación para interpretar e desenvolver o establecido nesta convocatoria de axudas, así como para a corrección dos eventuais erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nela, de acordo co establecido no artigo 109.2 da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e para realizar cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin desta convocatoria de axudas.

En virtude do exposto anteriormente, elévanse as seguintes,

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN:

Primeiro.- *Aprobar as bases do programa municipal programa "A Coruña no Mundo: Idiomas do Mundo 2026", dirixido ao alumnado de 1º de bacharelato deste concello e cuxo obxecto é promover a realización dunha actividade de inmersión lingüística no verán de 2026 de cara a avanzar no dominio do idioma inglés e poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). As ditas bases constan no expediente 236/2025/191, na súa versión en galego, co número de documento 23619Io29G e código de verificación 4A1V 6L04 3643 6A5Y ADOP, e na súa versión en castelán, co número de documento 23619I029K e código de verificación 5D6Y 264Y 625K 2JIM 0BGA.*

Segundo.- *Autorizar a execución do programa de acordo coas bases da convocatoria.*

Terceiro.- *Autorizar e facultar á persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación para a realizar cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado na convocatoria destas bolsas.*

Cuarto.- *Facer constar que a efectiva concesión destas bolsas está condicionada, tanto no número de prazas ofertadas como no seu desenvolvemento, á adxudicación do contrato de servizos de "contrato de organización e xestión do programa idiomas do mundo".*

Quinto.- *Publicar as bases no portal de Educación do Concello da Coruña, no taboleiro de anuncios e edictos dispoñible na sede electrónica do Concello e no portal do Sistema*



Concello da Coruña

Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, así como un extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña:

www.coruna.gal/educacion

<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>

<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>

Sexto.- *Abrir un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do extracto das bases do programa no Boletín Oficial da Provincia para a presentación de solicitudes para participar no programa "A Coruña no Mundo: Idiomas do Mundo 2026", dirixido ao alumnado de 1º de bacharelato dos centros educativos do termo municipal do Concello da Coruña".*

En vista do anterior e tendo en conta as competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local o 04/07/2024 (BOP nº 129 do 05/07/2024),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases do programa municipal programa "A Coruña no Mundo: Idiomas do Mundo 2026", dirixido ao alumnado de 1º de bacharelato deste concello e cuxo obxecto é promover a realización dunha actividade de inmersión lingüística no verán de 2026 de cara a avanzar no dominio do idioma inglés e poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). As ditas bases constan no expediente 236/2025/191, documento número 23619I029G e código de verificación 4A1V 6L04 3643 6A5Y ADOP, na versión en galego, e documento número 23619I029K e código de verificación 5D6Y 264Y 625K 2JIM OBGA, na versión en castelán.

Segundo.- Autorizar a execución do programa de acordo coas bases da convocatoria.

Terceiro.- Autorizar e facultar á persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación para a realizar cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado na convocatoria destas bolsas.

Cuarto.- Facer constar que a efectiva concesión destas bolsas está condicionada, tanto no número de prazas ofertadas como no seu desenvolvemento, á adxudicación do contrato de servizos de "contrato de organización e xestión do programa idiomas do mundo".

Quinto.- Publicar as bases no portal de Educación do Concello da Coruña, no taboleiro de anuncios e edictos dispoñible na sede electrónica do Concello e no portal do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, así como un extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña:

www.coruna.gal/educacion

<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/index>



<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>

Sexto.- Abrir un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación do extracto das bases do programa no Boletín Oficial da Provincia para a presentación de solicitudes para participar no programa “A Coruña no Mundo: Idiomas do Mundo 2026”, dirixido ao alumnado de 1º de bacharelato dos centros educativos do termo municipal do Concello da Coruña.

A Coruña, á data da sinatura electrónica do presente documento

Por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP nº 129 do 05/07/2024)
O Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica
Juan Ignacio Borrego Vázquez

En A Coruña a 19 de enero de 2.026